

A hand pointing upwards is centered in the background of a blue gradient. Overlaid on the hand and background is a network diagram consisting of several circular nodes, each containing a person icon, connected by thin lines. The nodes are arranged in a roughly circular pattern around the hand.

PLAN DIXITAL

CPR “Juventud”

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

- Nome do centro: Colexio Juventud
- Dirección: Rúa dos Concheiros, 43, 1, 15703, Santiago de Compostela, A Coruña.
- Correo electrónico: secretaria@colexiojuventud.com
- Páxina web: <https://www.colexiojuventud.com/>
- Etapas educativas: Educación Infantil e Primaria.
- Nº de alumnado e profesorado: 91 alumnos e 12 mestres.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O Colexio "Juventud" está ubicado na Rúa dos Concheiros, enmarcado no barrio de San Pedro. Neste vecindario viven moitas familias cunha situación socio-económica desfavorable, sendo moitos deles inmigrantes ou pertencentes á etnia xitana. Este é o alumnado predominante no centro, o cal presenta certas dificultades á hora de traballar con Novas Tecnoloxías, polo pouco poder adquisitivo do alumnado.

En canto á contribución do PD ao Proxecto Educativo, pensamos que este verase grandemente enriquecido, pois encamina o traballo a realizar de maneira moito máis concreta que os antigos Plans de Integración das TIC. Ademais, está moi directamente relacionado co traballo de innovación educativa que levamos xa anos desenvolvendo.

Ademais, o PD chega ao noso Centro nun intre perfecto, pois o claustro estivo durante este curso formándose nas ferramentas de Google for Education, acadando tódolos mestres o nivel un, e varios deles o nivel 2, que é o máximo acadable. Esta formación ven da man da intención do Claustro de ser Centro Google nun futuro cercano.

Asimesmo, fai uns anos o Centro formou parte do programa Snappet, adicado a traballar con pequenas tablets nas aulas. Este programa abandonouse por problemas externos ao Centro, pero é probable que se poda recuperar nun futuro, segundo nos comunicou a organización.

En canto á aportación do PD á Programación Xeral Anual para o curso 22/23, parécenos inminente que o Plan de Acción elaborado formará parte de dita programación, sendo parte dos obxectivos prioritarios para o vindeiro curso.

1.3. Breve xustificación do mesmo

A LOE establece

Artigo 111 bis Tecnoloxías da Información e comunicación.

*1.As condicións nas que se debe desenvolver a xestión dos datos académicos do alumnado de xeito que se cumpran os protocolos de protección de datos e se empreguen formatos que garantan a interoperabilidade entre os diferentes sistemas empregados no sistema educativo estatal.

*Faise referencia aos contornos virtuais de aprendizaxe, as características destes e ao seu emprego dentro da vida académica.

*5.Faise fincapé na necesidade de que as diferentes administracións educativas promovan o emprego das tecnoloxías da información e a Comunicación como método axeitado e valioso para levar a cabo tarefas de ensino e aprendizaxe procurando a eliminación de condutas de risco.

*As administracións educativas revisarán os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado de xeito que se facilite a implantación dunha cultura dixital nas aulas.

Artigo 121 O proxecto educativo de Centro

O proxecto educativo de centro recollerá asimismo a estratexia dixital do centro de acordo co establecido no artigo 111bis.5.

Artigo 132 competencias da dirección dos centros

Inclúe dentro das competencias das persoas directoras promover a innovación e experimentación con novos métodos de ensino encamiñados a acadar os obxectivos propostos no PEC.

Resolución do 17 de xuño de 2021

pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021/22

Disposición adicional quinta. Plan dixital de centro

Os centros docentes elaborarán no curso 2021/22 o seu plan dixital de acordo coas instrucións que se diten.

Resolución do 18 de xuño de 2021

pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2021/22.

Disposición adicional terceira. Plan dixital de centro

Os centros docentes elaborarán no curso 2021/22 o seu plan dixital de acordo coas instrucións que se diten.

Resolución do 3 de setembro de 2021

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, regula diferentes aspectos relacionados coa competencia dixital e a innovación educativa, así no artigo 121 establece que o proxecto educativo do centro recollerá, entre outros aspectos, a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis, no que se establece que as Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe, utilizando os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas.

O artigo 132 da devandita Lei establece como competencias dos directores e directoras, entre outras, exercer a dirección pedagóxica, promover a innovación educativa e impulsar plans para a consecución dos fins do proxecto educativo do centro; e fomentar a cualificación e formación do equipo docente, así como a investigación, a experimentación e a innovación educativa no centro.

A disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional (DOG 30 de xuño), pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021-2022, e na disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2021-2022 sinala que os centros docentes elaborarán no curso 2021-2022 o seu Plan Dixital de acordo coas instrucións que se diten.

1.4. Proceso de elaboración

Unha vez constituído o Equipo de Dinamización do Plan Dixital, procedeuse a definir a temporalización dos pasos para a súa elaboración e dos obxectivos a curto, medio e longo prazo.

Tras a elaboración do informe SELFIE por parte da comunidade do centro, analizáronse os resultados para identificar os principais puntos fortes e débiles.

Unha vez realizado o TEST CDD (cunha reunión previa na que se tomou acción para motivar ao profesorado para a realización da enquisa), recolléronse e analizáronse os resultados para proceder á elaboración da matriz DAFO.

A matriz DAFO permitiunos ter unha visión global das fortalezas e debilidades de centro, o que permitiu definir os principais obxectivos do Plan de Acción e presentar unha serie de propostas para acadalos a curto prazo. O Plan de Acción foi aprobado polo GT e posto en coñecemento do resto do claustro.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- Infraestruturas: o centro dispón de conectividade a internet tanto por cable coma mediante WIFI, así coma de servizo telefónico e de fax. Estes servizos proveñen dunha empresa privada e os gastos son asumidos íntegramente polo Centro.
- Equipamento: o Centro non dispón dunha aula virtual proporcionada pola administración, por ser un Centro Concertado. Para suplir esta carencia, o Centro contratou os servizos de Google for Education, polo que a nosa Aula Virtual non é outra que Google Classroom.
O Centro non dispón de dispositivos para os alumnos, polo que cando é necesario utilízalos na aula, os rapaces traen os dispositivos dos que dispoñen nos seus fogares. En canto aos mestres e mestras, todos dispoñen de ordenador e moitos deles de tablets, que utilizan a cotío para impartir as súas clases e levar o diario de aula. A comunicación coas familias faise toda de xeito dixital, mediante correo electrónico e/ou a aplicación ABALAR.
- Tanto os servizos administrativos do Centro coma o profesorado, dispoñen dunha conta de correo electrónico corporativa dentro das ferramentas de Google for Education (Google Workspace). Ao formar parte deste programa, os mestres dispoñen de tódalas ferramentas de Google con diversas melloras non gratuítas. Os custos desta ferramenta tamén son asumidos íntegramente polo Centro.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Resultados obtivos no SELFIE:

Areas	Grupos	Educación Primaria	Comentarios
		Puntuacións	
A -Liderado	Equipo Direct.	4,9	No centro destácase que tanto o profesorado como o equipo directivo teñen o coñecemento das estratexias que se están levando a cabo para fomentar o uso da tecnoloxía dixital no proceso de ensino aprendizaxe
	Profesorado	4,03	
	Alumnado		
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	4,2	Tanto alumnado, profesorado, como equipo directivo consideran que as ferramentas e soportes son os adecuados para implantar este modelo de aprendizaxe, aínda que o alumnado considera que se debería debater máis sobre as vantaxes e desvantaxes de utilizar a tecnoloxía para a aprendizaxe
	Profesorado	3,7	
	Alumnado	3,3	
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3,78	Neste apartado o factor a falta de dispositivos dixitais para usar na labor docente é a que maior preocupación produce e sería necesario establecer medidas para solucionalo xunto ao tema da Protección de Datos debido a que non se coñece ningún sistema implementado para facelo. Destacar en positivo a existencia de infraestrutura dixital que apoia o aprendizaxe/ensino con tecnoloxía dixital
	Profesorado	2,91	
	Alumnado	2,9	
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4,6	Equipo directivo e profesorado destacan a necesidade dunha formación continuada nesta materia. Recalcando ademais a necesidade de compartir as experiencias educativas entre o profesorado que posibilite o enriquecemento e a coordinación de estratexias.
	Profesorado	4,1	
	Alumnado		
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4,4	Dado que a procura e utilización de recursos en liña é un dos aspectos máis desenvolvido é a creación dun banco de recursos dixitais que faciliten tanto a globalización de contidos como a avaliación dos
	Profesorado	3,9	

	Alumnado		mesmos, dentro dun entorno virtual de aprendizaxe. A destacar tamén
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3,3	Nesta área parece que os aspectos menos desenvolvidos son aqueles que teñen que ver coa elaboración de proxectos interdisciplinares mediante metodoloxías activas que favorezan a colaboración do alumnado
	Profesorado	2,5	
	Alumnado	7,3	
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3,25	É esta área pouco desenvolvida, na que ademais existe un consenso máis ou menos claro entre os dous grupos participantes aínda que as puntuacións varíen. O aspecto menos valorado é a utilización de tecnoloxías para que os alumnos poidan facerse valoracións construtivas os uns aos outros, que ben podería solucionarse utilizando rúbricas en liña ou ferramentas dixitais que favoreceran a retroalimentación sobre a aprendizaxe dos propios alumnos
	Profesorado	2,7	
	Alumnado		
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3,8	Nesta última área parece ser que existe un acordo nos tres grupos en que no noso centro trabállase para lograr un uso responsable e seguro da internet. Habería que facer un esforzo desde o centro por favorecer mediante o uso de diferentes ferramentas ou artefactos dixitais a creación de contidos dixitais que lles levarán a considerar a importancia de outorgar recoñecemento ao traballo realizado por outras persoas desde o recoñecemento da obra propia.
	Profesorado	3,7	
	Alumnado	3,7	

Resultados obtidos no Test CD

Participación segundo perfil do profesorado:

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	10	11	90,90%
PROVISIONAL			
INTERINO			
SUBSTITUTO			
DESPRAZADO			

Puntuación e nivel de competencia do centro:

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
81,5	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

Puntuación e nivel de competencia por etapas:

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf.	59	Explorador/a (A2)	68,2	Integrador/a (B1)
Prim.	85,6	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)

Distribución do profesorado por niveis:

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	0	0,00%
A2	3	30,00%
B1	4	40,00%
B2	2	20,00%
C1	1	10,00%

C2	<u>0</u>	<u>0,00%</u>
TOTAL	<u>10</u>	<u>100,00%</u>

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO		C7.Protección de datos. C8.Dispositivos dixitais para o aprendizaxe.
	PERSOAL DOCENTE	B1.Avaliación do progreso. B3.Colaboracións. D1.Necesidades de DPC. D2.Participación no DPC D3.Intercambio de experiencias. E1.Recursos ed.en liña. E4.Comunicación coa comunidade educativa. F1.Adaptación ás necesidades do alumnado F3. Fomento da creatividade G1.Avaliación das capacidades. G3.Retroalimentación axeitada. - Todo o profesorado está formado en Google for Education. - Algúns dos mestres formándose para ser Google Trainers. - Moita implicación por parte do profesorado.	B2.Debate sobre o uso da tecnoloxía. E2.Creación de recursos dixitais. E3.Empleo de entornos virtuais de aprendizaxe. F4.Implicación alumnado. F5.Colaboración alumnado. F6.Proxectos interdisciplinares. G5.Autorreflexión sobre a aprendizaxe. G6.Comentarios a outros alumnos sobre o seu traballo.
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	H1.Seguridade. H3.Responsabilidade. H4.Calidade da información. H6.Outorgar recoñecemento ao traballo dos demais. H8.Aprender a comunicarse.	C8.Dispositivos dixitais para a aprendizaxe. H7.Creación de contidos dixitais.
	FAMILIAS	- Moitas familias facilitan a innovación dixital. - Case tódalas familias dispoñen de dispositivos para os alumnos.	- Moitas familias carecen de coñecementos a nivel dixital.
	OFERTA	A3.Novas modalidades de ensino.	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	A1.Estratexia dixital. A2.Desenvolvemento da estratexia co profesorado. A3.Novas modalidades de ensino. B1.Avaliación do progreso C5.Asistencia técnica. - Formación interna. - Búsqueda e proposta de novas formacións.- Traballando para ser Centro Google	

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	-Maior autonomía ao centro e aos docentes para adaptar e decidir dentro do curriculum.	- Non dispoñemos da Aula Virtual da Consellería. - Non existe apoio para a obtención de medios dixitais. - Non existe apoio para a obtención dunha conexión a internet estable e suficiente. - A constante modificación de currículos complica a innovación e a implementación na aula de estratexias conxuntas de aprendizaxe, e dificulta a súa

		consolidación. - A Administración non oferta unha formación específica e/ou en bos formatos para o profesorado.
LEXISLACIÓN	- A lei actual promove o uso das ferramentas dixitais. - Inclúen un plan dixital.	C7.Protección de datos - A burocracia dificulta que o profesorado adique tempo á innovación educativa. - A continua modificación das leis educativas impiden a planificación a medio-longo prazo
CONTORNA	-Cambio estético cunha praza diante da porta principal de colexio, o que mellora a rede de fibra óptica.	- O nivel socio-económico do Centro é medio-baixo. - Non hai un bo concepto do Centro na contorna.
ANPA	- A ANPA promove o uso de NNTT tanto nas aulas coma nas casas. - A ANPA apoia as iniciativas de innovación pedagóxica que propoñemos dende o centro.	- Moitas familias carecen de coñecementos a nivel dixital.
OUTRAS ENTIDADES	B3. Colaboracións -Google for Education	C7.Protección de datos.

3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital.

Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

O Plan de Acción para o curso 22/23 é o seguinte::

"Área/s de mellora": E. Pedagogía: apoios e recursos

6. OBXECTIVO (1):	Crear un repositorio dixital de recursos para o profesorado (E2*)	Acadado	
RESPONSABLE:	Director	Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de recursos creados e compartidos na biblioteca dixital do Centro (Instrumento de medida: enquisa aos docentes implicados)		
Valor de partida (3)	0 recursos compartidos na Biblioteca dixital do Centro		
Valor previsto e data (4)	10 recursos compartidos na Biblioteca dixital do Centro	30/06/23	

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Creación do repositorio en Google Drive	Coordinador TIC	Setembro	Google Drive		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Formación para o profesorado no deseño de recursos dixitais.	Director	Outubro	Diferentes ferramentas de Google Workspace.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Formación para o profesorado: "File Sharing en Google Drive"	Coordinador TIC	Outubro	Google Drive		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.4: Publicación e revisión dos recursos	Claustro	Xuño	Diferentes ferramentas de Google Workspace.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": E. Pedagogía: apoios e recursos (*E3)						
7. OBXECTIVO (1):	Potenciar o uso da aula virtual (Google Classroom e aula virtual da editorial) para realizar proxectos en grupo ou complementar os contidos impartidos na aula, e non só para asignar tarefas aos alumnos que faltan a clase.				Acadado	
RESPONSABLE:	Xefe de Estudos				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de tarefas/proxectos xestionados a través da aula virtual, sen contar os que se asignan aos alumnos que faltan a clase. (Instrumento de medida: enquisa aos docentes implicados)					
Valor de partida (3)	0 tarefas asignadas ao trimestre por cada curso.					
Valor previsto e data (4)	3 tarefas asignadas ao trimestre por cada curso			30/06/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1: Formación na creación e funcionamento da aula virtual, así como da inclusión de recursos dixitais.	Coordinador TIC	Setembro	Google Classroom e aula virtual da editorial		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Creación das diferentes aulas virtuais con tódolos alumnos incluídos	Titores	Outubro	Google Classroom e aula virtual da editorial		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Revisión das tarefas asignadas durante o curso	Titores	Xuño	Google Classroom e aula virtual da editorial		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": G. Prácticas de avaliación (*G1)

8. OBXECTIVO (1):	Fomentar que os procesos de avaliación se realicen de forma dixital			Acadado		
RESPONSABLE:	Coordinador das TIC			Non acadado		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de mestres que avalían utilizando ferramentas dixitais. (Instrumento: cuestionario)					
Valor de partida (3)	10% dos mestres avalían utilizando ferramentas dixitais					
Valor previsto e data (4)	60% dos mestres avalían utilizando ferramentas dixitais			30/06/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO3.1: Creación dos cadernos de aula e materia	Coordinador TIC	Setembro	Google Sheets		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Formación na edición e utilización dos cadernos de aula e materia	Coordinador TIC	Setembro	Google Sheets		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: Formación na utilización de Rúbricas dixitais e a súa vinculación cos cadernos de aula e materia	Director	Setembro	Google Sheets		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.4: Posta en común e avaliación da experiencia	Claustro	Xuño	Google Sheets		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.1. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

- Precisamos mellorar a nosa conexión a internet, xa que ás veces non soporta as conexións de tódolos equipos ao mesmo tempo. As obras levadas a cabo na rúa na que se sitúa o Centro favorecen esta mellora, co acceso á Fibra Óptica.
- Precisamos dispor de equipos para o alumnado, xa que agora mesmo traballamos cos que eles traen da casa, que non sempre están en boas condicións.

4. Avaliación do plan

O Equipo Directivo, xunto co Coordinador das TIC do Centro, serán os responsables de velar polo desenvolvemento das tarefas marcadas neste Plan Dixital, así coma da súa avaliación.

- A avaliación procesual levarase a cabo unha vez por trimestre en reunión do Claustro. Os aspectos a valorar incluirán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- A avaliación final realizarase ao final de curso, tamén en reunión do Claustro. Os aspectos a considerar incluirán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

5. Difusión do plan

Este Plan Dixital será difundido a toda a Comunidade Educativa mediante a súa publicación na páxina Web do Centro.